A Enseada do Umia-O Grove, Lagoa Bodeira e O Carreirón



Espazo situado no Sur da Ría de Arousa en terreos dos concellos de O Grove, Sanxenxo, Meaño, Cambados e A Illa de Arousa, cunha extensión de 7.490 ha.
O LIC "Ons-O Grove" inclúe tamén a Illa de Ons (Bueu), e varios illotes da provincia da Coruña.

Ten diversidade de ecosistemas: fondos areosos e rochosos, praias, dunas, esteiros, enseadas, marismas, lagoas costeiras, cantís e lagoas de orixe antrópica.

É un espazo de grande interese xeolóxico, paisaxístico, botánico e faunístico.

TIPO DE PROTECCIÓN
Refuxio de caza desde 1982.
Declarada Zona Húmida de Importancia Internacional polo Convenio de Ramsar desde 1989 (BOE 8/5/1990).
Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) desde 1989.
Espacio Natural en Réxime de Protección Xeral (DOG 5/6/1995)
O Complexo Ons-O Grove (que inclúe a Illa de Ons, os cantís da Lanzada e San Vicente e as illas Rúa, Areoso Xidoiro e diversos pequenos illotes) está incluído na Rede Natura 2000: Lugar de importancia comunitaria (LIC), e Zona especial de conservación (ZEC).

Patrocina:

Neste espazo atópanse variadas formas de paisaxe resultantes da interacción do mar, o río, a terra e o vento: illas e illotes rochosos e areosos, penínsulas, istmos, praias, dunas, cantís, enseadas, lagoas...

Istmo da Lanzada.

Praia e cantís da Lanzada.

Rochas metamórficas e sedimentarias.
Praia de Fontiñas.

Rochas graníticas.
O Carreirón

Lagoa da Bodeira.
Está incomunicada co mar e pechada polas dunas da Mexilloeira.

A flora da Enseada é moi variada. Nos diversos ecosistemas atopamos especies comúns xunto con algunhas moi raras ou exclusivas da zona.

Arenaria, feo da praia e leiteiras na Lanzada.
Nas dunas da Lanzada hai catalogadas máis de 100 especies entre as que se atopan endemismos locais e rexionais.

Iberis procumbens, endemismo da costa atlántica da Península Ibérica.

Paxariños amarelos (*Linaria polygalifolia*), endemismo atlántico da Península ibérica.

Cardo leiteiro (*Cistanche phelipaea*).
É unha planta parásita que ten como único punto de referencia en toda Galicia o litoral da Enseada.

Toda esta área é dunha gran riqueza biolóxica. Os seus fondos mariños son unha importante área de cría de todo tipo de animais, en especial de peixes e moluscos. As marismas e esteiros son unha das áreas de descanso para as aves mariñas máis importantes de Galicia.

Cabaliño do mar.

Na enseada hai unha poboación invernante de cullereiros (*Platalea leucorodia*), única en Galicia con más de 100 exemplares.

As limícolas, polo seu número e variedade, fan da Enseada un dos lugares de maior interese ornitolóxico do litoral galego e, para algunhas especies o punto de máxima afluencia de Galicia. O censo de 2002 da SGHN certifica a presenza de máis de 12.000 aves de 42 especies diferentes.

Bilurico común (*Tringa Totanus*)

Pillara real (*Charadrius hiaticula*)

Garzota
(*Egretta garzetta*)

Galiñola negra (*Fulica atra*).